

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 02/04/2019 14:04:29

SAIDA

4367/19

Reclamante: [REDACTED] en representación da Asociación [REDACTED]

Expediente. Nº RSCTG 034/2019

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] en representación da Asociación [REDACTED] mediante escrito do 11/02/2019, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] en representación da Asociación [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 11/02/2019, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso á información ante Dirección Xeral Patrimonio Cultural de copia do expediente 1269.41 referente ás obras de tratamento de augas na explotación mineira D. Isidro nº 6043 en Concello de Triacastela

O escrito viña acompañado copia da súa solicitude, do DNI da solicitante e do certificado da Secretaria da Asociación [REDACTED], do nomeamento da solicitante como presidenta

Segundo. Con data 14/02/2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura e Turismo para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.



Terceiro. Con data 11 de marzo de 2019 a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura e Turismo contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que a solicitude presentada con data do 3 de xaneiro de 2019, non ten como obxecto solicitude de información, senón de copias da documentación correspondente ao expediente 12369.41 seguido nas unidades desta Consellería na Xefatura territorial de Lugo e nos Servizos Centrais (esta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural) sobre autorización de "Obras de recollida e tratamento de augas" na explotación mineira D Isidro núm. 6043, en Triacastela, Lugo.

Con motivo das incidencias na implantación nas correspondentes unidades da aplicación do rexistro electrónico, o escrito tivo entrada no Servizo de Vixilancia e Inspección desta Dirección xeral en data do 23 de xaneiro de 2019.

Pola Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural informouse á entidade solicitante por oficio de data 6 de febreiro de 2019 dos trámites de audiencia a realizar antes de ditar resolución, de acordo co disposto nos artigos 15.1 da Lei 19/2013, e 27.2 da Lei 1/2016.

Unha vez analizada a solicitude e ao non formularse alegacións de orde substantivo que impliquen a procedencia de determinar a exclusión do acceso á información solicitada, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural resolveu con data do 7 de marzo de 2019, conceder o acceso á información solicitada.

No informe se fan constar as dificultades que se presentan para a xestión deste tipo de solicitudes, ao estar relacionadas multitude de escritos da dita Asociación, con outros (ás veces os mesmos escritos) presentados en nome propio por particulares que no seu día actuaron en representación da dita Asociación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece na súa art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación

dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A asociación interesada interpuxo a reclamación con data do 11 de febreiro de 2019, ao transcorrer mais dun mes sen ter resolución da súa solicitude, que se produciu posteriormente con data do 7 de marzo, polo que debe considerarse que a reclamación presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

A Consellería de Cultura e Turismo non resolveu en prazo a solicitude de acceso á información e no seu informe xustifica o retraso, nas incidencias producidas na implantación nas correspondentes unidades da nova aplicación informática do rexistro electrónico, e nos trámites de audiencia que foi necesario realizar, de conformidade co establecido na normativa en materia de transparencia, e que foron comunicados á entidade solicitante.

Unha vez analizada a solicitude e ao non formularse alegacións de orde substantivo no trámite de audiencia, que puideran implicar a exclusión do acceso á información solicitada, resolveuse a solicitude de acceso á información con data do 7 de marzo de 2019, concedendo o dito acceso.

De acordo co anterior, procede a estimación por motivos formais da reclamación presentada, ao terse resolta a solicitude de acceso con posterioridade á interposición da reclamación ante a Comisión de Transparencia de Galicia.


En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Estimar por motivos formais a reclamación presentada por [REDACTED] en representación da Asociación [REDACTED] contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso á información ante Dirección Xeral Patrimonio Cultural de copia do expediente 1269.41 referente ás obras de tratamento de augas na explotación mineira D. Isidro nº 6043 en Concello de Triacastela.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2019


Milagros Otero Parga
Presidenta da Comisión da Transparencia